



Altermundo

abaixo e á esquerda
está o **corazón**

TEMPOS NOVOS | TERCEIRA QUENDA | NÚMERO 04 | NOVEMBRO 2012

PÁX 02. MOVEMENTOS



Espabilemos

Publicamos o limiar do último libro colectivo sobre o pensar do Movemento 15 de Maio, coordinado por **Carlos Taibo**.

PÁX 05. ALTERNATIVAS



Empregos verdes

Florent Marcellesi e **José Ramón Becerra** explican como se poderían crear até 45.000 eco-emplegos no País Vasco

PÁX 07. POLO MIÚDO



FSM nas primaveras

Benjamin Joyeux expón nunha crónica as razóns polas que o vindeiro Foro Social Mundial se vai celebrar en Tunisia.

Manuel *Casdeiro* entrevista a Antonio Turiel, un dos referentes na divulgación social do cénit da extracción mundial de petróleo

O decrecemento non é unha opción

ALTERMUNDO1



Para Antonio Turiel, físico e creador do blog *The Oil Crash*, o decrecemento é algo que sucederá **queira-mos non queiramos**. O único que podemos elixir é se pilotamos o proceso e chegamos a unha sociedade aínda con xustiza social; ou ben se deixamos todo á man invisible do mercado e nos autorregulamos de xeito salvaxe: mortandade masiva, guerras, epidemias, neofeudalismo e inclusive a posibilida-

de de nos extinguirmos. Por iso é chave facer entender que o decrecemento non é unha opción, está claro que o decrecemento é a única vía, formulada dunha ou outra maneira, e é a revolución que precisamos. Falta atoparmos instrumentos para unha acción política que sexa realista e viable para a implantarmos. “O noso sistema é suicida, xenocida, e é algo mesmo peor: ecocida”, afirma. •



Espabilemos! Argumentos dende o 15M



Carlos Taibo
Profesor de
Ciencia Política
na UAM.
Membro do
Consello
Editorial de
Altermundo


Un libro que, nacido da base do movemento do 15 de maio, diríxese a todas as persoas interesadas nunha crítica da miseria imperante. Velaquí o limiar do seu coordinador, Carlos Taibo

A idea de que o momento presente, sexa cal for este, é o acaído para repensar a condición do movemento do 15 de maio e dispor o seu futuro leva camiño de se converter nun xenuíno lugar común. Repítese unha e outra vez, de calquera xeito, neste tórrido verán de 2012, cando se dan cita as inercias que, no que fai ao movemento, veñen do pasado e a infinidade de agresións que o propio 15-M padece.

O verán de 2012 é un momento tan apropiado como calquera outro para reflexionar sobre o movemento do 15 de maio. Non me gustaría deixar de lado, con todo, o que se adoita coar de rondón á calor desa demanda de reflexións urxentes que nos acosa por todas partes. Refírome á idea, de cando en cando enunciada con rotunda claridade, de que o movemento non está á altura do que cabería esperar. Confesarei rapidamente que non concordo. Sen ningunha vontade de ocultar as carencias do 15-M, paréceme que os seus activos son moito, moitísimo, máis importantes. Enuncio algúns deles: permitiu forxar unha nova, e orgulloosa, identidade contestataria; rescatou discusións que o *pensamento único* conseguira arrinconar; perfilou ao

seu redor un suxestivo espazo que fixo posíbel o reencontro de moitas persoas; conferiu dignidade á asemblea e á democracia directa; deu ás ás iniciativas protagonizadas por outros move-

Creo que non está de máis que formule aquí, brevemente, algunhas das intuicións que, sobre o 15-M, manexei ao longo do último ano. Sinalei en repetidas oportunidades que en orixe no movemento había dúas almas: mentres a primeira configurá-bana as xentes dos movementos sociais alternativos, a segunda constituíana o que, con escasa fortuna, demos en chamar mozos indignados. Axiña se fixo evidente que na maioría dos lugares producíase unha vivificación mutua desas dúas almas, cuxos perfíles diferenciadores ao pouco deixaron de ser manifestamente claros. Máis aló diso, o abandono das acampadas e o redespregamento do 15-M en forma de asembleas populares en barrios, cidades e pobos perfilou unha composición máis complexa do movemento, coa chegada, en particular, de moitos traballadores asalariados. Penso que en termos xerais ese proceso de diversificación viu-se acompañado dunha deriva ideolóxica dabondo estimulante: moitos dos sectores do 15-M que no momento inicial defendían propostas de cariz meramente cidadanista –contestaban en singular algún elemento preciso do sistema que padecemos– transitaron rápida e



mentos, e, por se fose pouco, logrou que moitas xentes descubran que poden facer cousas que en aparencia non estaban ao seu alcance.



A evolución discursiva do movemento 15M parece evidente

espontaneamente cara a posicións francamente anticapitalistas —pasaron a contestar o sistema como un todo. De resultas, e por riba, pronto se fixo evidente que esta deriva ideolóxica re-

Moitos dos sectores do 15-M que no momento inicial defendían propostas de cariz meramente cidadanista transitaron rápida e espontaneamente cara a posicións francamente anticapitalistas

clamaba por necesidade o asentamento dunha instancia con franca vocación de permanecer no tempo.

Ao meu entender, e aínda con todo o anterior, no 15-M destas horas perviñen dúas percepcións diferentes. A primeira, que mantén conexións obvias co cidadanismo, considera que a priorida-

de maior do movemento debe consistir en formular propostas na confianza de que antes ou despois serán escoitadas polos nosos gobernantes. A segunda estima, en troques, que o 15-M debe enforcar o groso das súas enerxías na creación de espazos de autonomía en virtude dos cales, sen necesidade de pedir autorizacións, procedamos a aplicar regras do xogo diferentes das que hoxe nos atenzan. Exemplos deses espazos achegaríanos as cooperativas integrais, os grupos de consumo, as ecoaldeas, as incipientes redes de banca ética e social, ou as pulsións autoxestio-narias nas empresas.

Aínda que as dúas percepcións que veño de glosar desenvollen a miúdo relacións fluídas, obrigado parece subliñar que remiten en último termo a proxectos ben distintos: se o primeiro se amosa máis vencellado coa vida política tradicional, e con fórmulas de democracia representativa, o segundo bebe dunha vea libertaria e preconiza o despregamento de mecanismos descentralizados que en boa medida se basean na democracia directa, na desmercantilización e —xa o adiantei— na autoxestión.

Desde e para o 15-M

Os textos de *Espabilemos!* fálanos dos mozos, as mulleres, os xubilados, a inmigración, o Estado do benestar, a sanidade, a educación, a vivenda, o sindicalismo, a autoxestión, o decrecemento, a enerxía, o gasto militar, os pobos do Sur, a banca ética, as cooperativas integrais, o paro, a vida rural, os medios de comunicación, o municipalismo, as asembleas, a opinión pública, a represión, a cuestión nacional e a protesta global. Expresan distintas percepcións e sensibilidades que unhas veces se orientan á formulación de propostas que deben ser atendidas polos nosos gobernantes e outras á construción de espazos de autonomía e desmercantilización. Por riba de todo, este libro é unha invitación á reflexión e á acción desde os argumentos do 15-M. Coordinado polo profesor e activista Carlos Taibo, o libro achéganos as reflexións de Jeromo Aguado, Mariano Aragonés García, Raúl Asegurado Pérez, Ángel Calle Collado, Jordi Calvo Rufanges, Sonia Campo Macho, Antonio Carretero, Ada Colau, Ángeles Díez Rodríguez, Enric Duran, Iolanda Fresnillo, Javier García Raboso, Yayo Herrero, Ana Jiménez Talavera, Marta Jiménez Carrillo, Sara López Martín, Patricia Manrique, Salvador Martí i Puig, Bibiana Medialdea, Paloma Monleón, Ángeles Ramírez, Raquel Ramírez, Enrique del Río, María Rodríguez Bajo, Manoel Santos, Gemma Ubasart-González, Ana Velázquez Perejón e Raimundo Viejo Viñas.

+INFO: www.catarata.org/libro/mostrar/id/780

ofrece un perfil dos autores e autoras

Editorial: Los libros de la Catarata, 2012


ISBN: 978-84-8319-736-3

Tampouco está fóra de lugar –parece– que subliñe que o movemento arrastra as súas carencias. Non podía ser doutro xeito. A súa presenza no mundo do traballo segue a ser testemuñal, e respecto diso non acabou de clarificar o panorama das súas relacións cos sindicatos, maioritarios ou alternativos; as tarefas pendentes nestes terreos son tanto máis urxentes canto que, por moitos conceptos, a lóxica laboral que se nos impón está recuperando trazos propios de tempos moi afastados. Tampouco se fixo valer con forza o 15-M no campo, e iso que boa parte das demandas que xorden daquel conduce inevitabelmente a un designio de revitalización dunha vida rural hoxe claramente postergada. Hai quen adiviña, en fin, unha posíbel deriva tecnocrática nun movemento que debe moito a novísimas tecnoloxías pero que faría ben en non deixarse atrapar por elas.

Sexa como for, e máis aló destas discusións, o 15-M debe colocar en primeiro plano tres dimensións decisivas, como son as que se refiren ao xénero –en lembranza consciente e permanente da marxinação, material e simbólica, que padecen as mulleres–, ao

O 15-M debe colocar en primeiro plano tres dimensións decisivas, como son as que se refiren ao xénero, ao medio natural e aos habitantes dos países do Sur do planeta

medio natural –aí están os dereitos das xeracións vindeiras e, con eles, os das demais especies que nos acompañan no planeta– e aos habitantes dos países do Sur –non vaia ser que reconstituamos os nosos maravillosos Esta-



Gran parte da forza do 15-M emana das asembleas, hoxe descentralizadas en barrios e pobos

dos do benestar á conta de ratificar atávicas relacións de explotación e exclusión.

A todas, ou a moitas, destas cuestións remiten os textos que se inclúen neste librito colectivo. Como o lector inmediatamente apreciará, acolle dúas dúcias de reflexións que se interesan tanto polo 15-M e os seus deberes como polo escenario xeral no que nos movemos. Coido que non me trabucando afirmo que todas as materias tratadas son relevantes aínda cando, e por lóxica, falten outras que tamén o son. Os textos expresan moi a miúdo, polo demais, percepcións e sensibilidades distintas, despregadas con opcións terminolóxicas tamén diferentes. Esas percepcións e sensibilidades, máis moderadas ou máis radicais, emprázanse unhas veces –as menos– na liña da formulación de propostas e outras –as máis– na da amentada cons-

trucción de espazos de autonomía e desmercantilización. Con frecuencia identifican, por riba, carencias evidentes do movemento do 15 de maio, como é o caso das que fan referencia ás mulleres, aos inmigrantes e á nosa actitude ante as diferentes débedas que contraemos cos habitantes do Sur do globo.

Debo chamar a atención, para rematar, sobre a ironía que se revela a través do de *Espabilemos!*, un título que non deixa de ser un remedo dun tipo de literatura que proliferou, con razoábel éxito, nos últimos tempos. Non parece ousado concluír que o que singulariza a este texto son dous feitos. Se o primeiro nos fala da súa xestación na base do propio movemento do 15 de maio, o segundo identifica unha rotunda vocación de mudar radicalmente, e de novo desde abaixo, este triste mundo no que vivimos. •



Emprego verde para superar a crise




Florent Marcellesi
coordinador de
Ecopolítica e
José Ramón
Becerra

Moitos ven nos eco-empregos parte dunha alternativa viábel á cultura económica do crecemento infinito. No País Vasco, por exemplo, poderíanse crear até 45.000

As sociedades industrializadas estamos a atravesar unha profunda crise. Moito máis ca unha crise financeira, trátase dunha crise do modelo baseado no crecemento infinito. Trátase dunha crise do sistema capitalista no seu conxunto, que fai augas tras chocar contra os límites físicos do planeta, contra a crecente escaseza de petróleo, contra a (case) imposibilidade de xerar novas burbullas (inmobiliarias, de consumo ou financeiras) ás que amarrarse para seguir á boia.

A ecoloxía política leva décadas advertindo do inevitábel da situación que agora nos toca afrontar. Non é posíbel seguir crescendo de forma indefinida, e seguir por esa senda tan só producirá máis miseria social e máis destrución ecolóxica. En contrapartida, tamén levamos moito tempo propondo solucións para endereitar o rumbo, alternativas válidas cuxa implantación require máis vontade política e social que esforzo. Unha delas é o eco-emprego, que en Euskadi –segundo os nosos cálculos avalados pola Fundación Verde europea– podería xerar polo menos 45.000 novos postos de traballo.

Para iso, en primeiro lugar propomos reducir o noso consumo enerxético no sector residencial, a través dun plan que financie a rehabilitación integral duns 12.000 inmobles ao ano –cubertas, fachadas, cerramentos, novos sistemas enerxéticos. Segundo os nosos cálculos, un plan destas caracterís-



BROOKE ANDERSON

ticas podería crear entre 15.000 e 35.000 empregos estábeis no sector da construción e nos gremios asociados, amais diso dinamizar un novo sector dedicado á arquitectura bioclimática e enerxética. O aforro na factura enerxética de gas e electricidade a medio prazo podería ser do 10-20 por cento.

O noso segundo obxectivo sería remodelar a estrutura de subministración eléctrica do país. É preciso desenvolver un sistema descentralizado, eficiente e flexíbel, que priorice a enerxía renovábel producida en pequenas instalacións de autoxeneración. A infraestrutura asociada á fabricación, instalación e mantemento desta rede podería xerar entre 10.000 e 17.000 empregos. Outros 1.000

postos de traballo de alta cualificación deberían provir do impulso á investigación en novas tecnoloxías renovábeis –como a xeotermia–, así como ao desenvolvemento de sistemas intelixentes de control da rede eléctrica. Deste xeito en 2020 poderíamos ter unha subministración eléctrica de orixe renovábel ao 50 por cento.

Asemade necesitamos reducir a nosa dependencia do petróleo mudando a forma de nos mover e de transportar as mercadorías ao longo e ancho do país. Cómpre utilizar menos o vehículo privado. Poderíamos xerar entre 2.500 e 4.500 empregos implantando plans de mobilidade sustentábel nas grandes empresas e en todos os polígonos industriais do país, estendendo as redes de transporte público aos nú-

É preciso desenvolver un sistema descentralizado, eficiente e flexíbel, que priorice a enerxía renovábel producida en pequenas instalacións de autoxeneración

cleos de poboación dispersos, acometendo a modernización do ferrocarril de



A produción agroecolóxica e os mercados de proximidade poderían crear numerosos empregos sustentábeis

proximidade ou rematando a integración das redes metropolitanas de transporte público.

Por outra banda consideramos necesario xestionar dunha forma sustentábel a nosa riqueza natural. Agricultura, gandería, pesca e explotación forestal son sectores que levan décadas en decadencia, afogados pola competencia desleal que impón o libre mercado. E, con todo, teñen un enorme potencial para crear máis eco-emprego. Poderíanse crear case 14.000 postos de traballo: apoiando a produción ecolóxica de alimentos, incentivando o consumo local de produtos agrícolas e gandeiros autóctonos, creando reservas costeiras sustentábeis para a nosa flota de baixura ou promovendo a conversión da actual industria forestal cara a explotacións que cultiven especies de maior valor engadido, ou que produzan de xeito

sustentábel a biomasa que necesita o país para reducir a súa dependencia dos combustíbeis fósiles. En contrapartida,

Podemos crear emprego, mesmo nunha situación económica tan desfavorábel como a actual, mellorando ao mesmo tempo a situación ambiental

será necesario actuar sobre os mecanismos de formación de prezos e controlar de forma estrita que os produtos de importación cumpran todos os requisitos ambientais e legais exixíbeis.

Outro recurso autóctono que debemos aproveitar son os materiais contidos nos residuos. Para iso é imprescindible xeneralizar a recolleita selectiva en orixe, posibilitar a reutilización de aveños e obxectos útiles ou implantar sistemas de xestión de envases retornábeis. Isto permitiría crear ata 1.000 empregos, moitos deles procedentes da economía social e solidaria.

De igual xeito, podemos habilitar outros 1.000 empregos se reforzamos as políticas de aforro e xestión racional da auga. A certeza de que a auga é e será un recurso escaso, débemos impulsar a modernizar os sistemas de regadío agrícola e a reducir as perdas que se producen nas redes de abastecemento. Tamén debemos culminar os plans de depuración de augas residuais e financiar a implantación de redes separativas de saneamento, que eviten depurar a auga da choiva e facilitar a súa utilización para outros usos.

Para rematar tamén cómpre reorientar o noso modelo produtivo industrial cara á sustentabilidade. É factíbel crear 700 empregos cualificados deseñando estratexias para fabricar produtos máis ecolóxicos, fiábeis, sustentábeis e duradeiros, o que sen dúbida redundaría en vantaxes competitivas adicionais para a industria vasca que decida transitar por ese camiño.

En resumo, cremos que hogan a ecoloxía política é quen de achegar solucións para camiñar cara a un novo modelo económico e social. Aínda que pareza paradoxal no discurso dominante, sexa conservador ou progresista, loitar contra a crise ecolóxica tamén permite afrontar mellor a crise económica. Podemos crear emprego, mesmo nunha situación económica tan desfavorábel como a actual, mellorando ao mesmo tempo a situación ambiental. Atrévémonos?•

Cedido polos autores para a súa publicación en galego. Publicado previamente en la Fundación Manu Robles-Arangiz Instituitua.



Tunisia, a nova meca do altermundismo?



Benjamin Joyeux
Mediapart.
Europe Ecologie
Les Verts

Do 12 ao 18 de xullo, desenvolveuse en Monastir a asemblea preparatoria do Foro Social Mundial do ano 2013. Finalmente terá lugar en Tunisia do 26 ao 30 de marzo. Unha elección que non debe nada ao azar!

“A peor das democracias é de lonxe preferíbel á mellor das ditaduras” (Ruy Barbosa, escritor brasileiro).

Tunisia, o seu clima tan agradábel, tanto na praia coma nos negocios –polo menos para algúns con Ben Alí–, o seu perfume de xasmín, e desde hai case dous anos o seu proceso revolucionario en curso, escrutado con lupa polo conxunto dos países árabes, e de máis alá. Desde o 14 de xaneiro de 2011, data da fuxida cara a Arabia Saudita do sinistro Ben Alí tras tres semanas de insurrección popular en todo o país, Tunisia busca un sistema institucional democrático susceptible de respostar finalmente ás aspiracións do pobo tunisiano. “Dignidade, liberdade e igualdade” podería ser o seu tríptico matriz, pero Tunisia continúa a buscarse neste mes de xullo de 2012. Unha cousa é segura, palpábel tanto nos mitins como nas terrazas dos cafés, e é que a palabra *liberouse*. Non parece xa querer ser de novo confiscada. O movemento altermundista, que procura un novo alento fronte ás perpetuas evolucións do sistema económico mundial, non podía permitirse deixar de lado os acontecementos en curso en Tunisia.

En abril de 2011, a penas tres meses despois da caída do réxime benalista, fora organizada unha semana de



O último Foro Social Mundial tivo lugar en Dakar (Senegal) en 2011 e o vindeiro será en Tunisia en 2013

visita aos lugares simbólicos da “revolución da dignidade”: Kasserin, Feriana, Gafsa, etc., e varias organizacións próximas ou que forman parte dos Foros sociais mundiais –eu estaba por *Europa Ecoloxía Os Verdes*– foran convidadas a atoparse alí cos militantes locais e as familias dos “mártires” da revolución. O meu informe sobre esta visita fora publicado aquí [1].

Quince meses máis tarde, as diferentes estruturas que compoñen o FSM decidiron organizar alí, en Monastir, unha “assemblea preparatoria”, unha especie de ensaio xeral, do Foro Social Mundial de 2013. Unhas 1.600 persoas de to-

dos os horizontes reuníronse durante seis días a fin de intercambiar opinións sobre un gran número de problemáticas tanto locais como globais do noso tempo, baixo un sol de chumbo, cargado dun lixeiro perfume insurreccional. Eu estaba convidado como membro da comisión transnacional de EELV [2].

Se o conxunto das xuntanzas non foi dabondo decisivo para permitir decisións definitivas sobre a organización concreta para o ano que vén, tras unha semana pasada alí, o meu balance persoal foi máis ben positivo. Do conxunto dos debates xorde unha problemática que vira en bucle: Islam e política, ou

máis precisamente Islam e democracia. En Tunisia, o partido Ennahda, saído dos Irmáns Musulmáns, foi o gran vencedor das primeiras eleccións libres do país en outubro de 2011. Dispondo de 89 prazas na asemblea constituínte (de 217 membros), dun primeiro ministro e de numerosos ministros, os islamitas de Ennahda constitúen sen dúbida a primeira forza política do país. Vistos demasiado a miúdo simplemente como islamitas polos estados europeos, en particular Francia, a antiga potencia colonial e tutelar, o partido Ennahda está atravesado de contradicións complexas que prohiben as reflexións simplistas e a preguiza intelectual demasiado a miúdo en curso en particular nos “cenáculos parisienses”.

Primeira lección, a maior parte dos editócratas, politólogos de salón e actores políticos franceses comprometéronse de tal xeito durante o réxime de Ben Alí que máis lles valería contar até dez antes de falar de novo do país do xasmín. Os compromisos tan denunciados do antigo poder sarkozysta xa na oposición non deben facer esquecer que foi a inmensa maioría do campo político-mediático a que se fixo cómplice do réxime mafioso de Ben Alí. No poder desde o 7 de novembro de 1987 até o 14 de xaneiro de 2011 —e xa condenado por contumacia a perpetuidade por com-

Foi a inmensa maioría do campo político-mediático a que se fixo cómplice do réxime mafioso de Ben Alí

plicidade en asasinatos—, este non tería xamais aguantado tanto tempo sen o apoio de Francia, incluíndo á dereita e a esquerda. Un libro de dous xornalistas de Mediapart, Lénaig Bredoux e Mathieu Magnaudeix, describe particularmente ben as lamentábeis relacións

FSM Tunisia 2013



O Foro Social Mundial 2013 realizárase en Tunisia do 26 ao 30 marzo de 2013. Coa publicación seu sitio web (www.fsm2013.org) deuse inicio ao proceso de rexistro de organizacións participantes e de propostas de actividades.

A decisión sobre a sede do Foro foi resolta polo Consello Internacional do FSM en París, e confirmada en xullo pasado na cidade tunisiana de Monastir, logo de varias consultas a movementos sociais deste país e outros de África setentrional. A Asociación Tunisiana de Mulleres Demócratas (ATFD), a Liga Tunisiana para os Dereitos Humanos (LTHD), a Unión Xeral de Traballadores de Tunisia (UGTT), O Foro Tunisiano para os Dereitos Económicos e Sociais (FTDES), Raid Attac, a Unión de Graduados Universitarios Des-

empregados de Tunisia, a Asociación de Mulleres Tunisianas para a Investigación e o Desenvolvemento (AFTURD), o Consello Nacional para as Liberdades en Tunisia (CNLT) e a Asociación Nacional de Avogados integran a Secretaría local do FSM 2013.

A programación aprobada polo Comité de Seguimento do Foro Social Maghrebí é a seguinte: **15 de outubro**: Lanzamento do sitio web do FSM 2013 e do proceso de rexistro para as organizacións participantes e de propostas de actividades; **1 de decembro**: Clausura da fase de propostas de actividades coa súa publicación, cos respectivos datos de contacto; **2 ao 15 de decembro**: Fase de consolidación; **16 de decembro ao 31 de xaneiro de 2013**: Rexistro das solicitudes de asembleas de converxencias e asignación de espazos; **1 ao 28 de febreiro**: Elaboración do programa final e a súa tradución aos distintos idiomas que se utilizarán no FSM 2013; **1 ao 20 de marzo**: Implementación da loxística, impresión do programa e organización do espazo físico do FSM 2013; **26 ao 30 de marzo**: Realización do FSM 2013; **30 de marzo**: Acto de clausura; **31 de marzo ao 1 de abril**: Reunión do Consello Internacional do Foro Social Mundial en Tunisia.

franco-tunisianas destes dous últimos decenios: *Tunis Connection* [3].

Co pretexto dunha necesaria barreira contra o “integrista islamita”, tetanizados polos acontecementos dos anos 1990 e a terríbel guerra civil do gran veciño alxerino, e as súas enormes devastacións colaterais como os atentados da estación de St Michel en París (8 mortos e 117 feridos) o 25 de xullo de 1995, os diferentes gobernos franceses e a *intelligentsia* parisiense pecharon os ollos sobre as derivas cada vez máis deplorábeis do clan Ben Alí-Trabelsi. Da famosa frase de Jacques Chirac [4] ás lamentábeis declaracións de Michèle Alliot-Marie na Asemblea Nacional [5], pasando polas declaracións

escandalosas do antigo presidente do FMI, Dominique Strauss Kahn [6], afastámonos da sociedade real tunisiana, a que se expresaba na conca mineira de Gafsa bastante máis que nas praias douradas de Hammamet e de Djerba. Fomos mediocres e estivemos cegados polo noso perezoso abano de lectura, “máis vale un réxime autoritario que islamitas no poder”. Non é por carecer de advertencias por parte dos opositores tunisianos, ben presentes en París. Pero Lénaig Bredoux e Mathieu Magnaudeix explican moi ben todo isto no seu libro.

Falábase pois moito do Islam e de política nos locais da flamante nova facultade de biotecnoloxías, nos corredores do hotel Esplanade ou nas salas da

municipalidade de Monastir. Ademais, sen relación de ningún tipo, celebrábase ao mesmo tempo en Tunisia –do 12 ao 16 de xullo– o congreso de Ennahdha [7], en presenza de miles de militantes. Fronte a todo isto, ver o campo político tunisiano actual só co prisma do perigo salafista aparece sinxelamente reductor.

Pero os debates da asemblea preparatoria en Monastir non se limitaron só a isto. Falouse igualmente de emigracións, sobre todo os dous primeiros días ao redor de *Boats4People* [8] : o venres 13 de xullo por exemplo, nun anfiteatro a rebordar da Universidade de Biotecnoloxías de Monastir, desfilaban os intervinientes da Asemblea Xeral dos *Boats4People*, mentres o calor aumentaba perigosamente e o aire se rarificaba. A imaxe de como fixera o Barco para Gaza [9] o ano pasado, enviado cara a Franxa de Gaza para denunciar mediante unha campaña internacional o peche de millóns de palestinos por Israel, *Boats4People* enviou un barco a dar a volta ao Mediterráneo para denunciar a sorte reservada aos emigrantes que tentan atravesar o mar para chegar ao chan europeo. Chegado de Palermo (Sicilia), o barco permaneceu no peirao varios días no porto de Monastir.

Mulleres tunisianas que perderon algúns dos seus fillos no mar amosan ante a asemblea os seus retratos como testemuño, coa voz tremendo. Unha onda de emoción e de calafío percorre a sala. Estas dúas mulleres que testemuñan non saben sequera que pasou cos seus fillos. Como poder esperar facer o seu dó nestas condicións? É sinxelamente atroz. A Unión Europea e a súa axencia Frontex son culpábeis como mínimo de non asistencia a persoas en perigo. Estas mulleres teñen até fotos dos seus fillos que estarían en Lampedusa pero non teñen ningunha nova. Á tarde mesma unha conferencia de prensa é organizada por *Boat4People* do Ksibet, no exterior da cidade. Alí ten lugar unha *performance* artística de cinco mozos enteiraamente pintados de branco, que avan-



zan arrastrándose como escravos, simbolizando o sufrimento dos emigrantes, antes de que tres barcos entren no porto baixo os aplausos da multitude, mentres que se sacan faroliños que se prenden antes de deixalos voar, en homenaxe aos milleiros de mortos inocentes tragados polas augas azuis implacábeis

O FSM oferta a todos estes movementos heteroxéneos unha plataforma común de discusións

do Mediterráneo. Unha listaxe dos desaparecidos no mar é posta sobre o chan, cos nomes das persoas das que se puido atopar algún rastro, e cada un dos nomes está inscrito sobre un dos farois que voan. Unha conferencia de prensa de *Boats4People* foi despois organizada no porto. Esta acción permitiría pór palabras sobre os sufrimentos dos emigrantes, mortos anónimos e sobreviventes, e os membros das súas familias fronte a esta espantosa máquina de triturar a humanidade que constitúen o espazo Schengen e as súas fronteiras.

Outro intre forte desta asemblea preparatoria foi, o domingo 15 de xullo ao

luscofusco, a organización dun encontro-debate entre mozos dos novos movementos de protesta que emerxeron en todo o planeta estes últimos anos, fronte á crise financeira internacional. *Occupy Wall Street* (Canadá e Estados Unidos), *Y'en a marre* (Senegal), un movemento indio de loita contra a corrupción, os mozos en revolta de Tunisia, etc. O representante de *Y'en a marre* foi particularmente aplaudido, tras a súa intervención virulenta contra o poder senegalés de Abdulaye Wade, derrotado por Macky Sall nas últimas eleccións presidenciais senegalesas do marzo pasado. O FSM oferta a todos estes movementos heteroxéneos unha plataforma común de discusións que permite a posta en común das experiencias e eventuais alianzas para acentuar as revoltas fronte ás políticas neoliberais en curso un pouco por todo o planeta.

Loitas contra o aumento dos gastos de escolaridade (Quebec ou Chile), loitas pola liberdade, a dignidade e a democracia (primaveras árabes, Senegal, etc.), loitas por menos austeridade e máis solidariedade (os “indignados” españois, gregos, portugueses, dos balkáns, etc.), loitas polo acceso aos recursos contra a prevaricación das multinacionais (os campesiños sen terra na India, en América Latina, etc.), todos eses combates teñen un punto común: o rexeitamento da fatalidade do sistema económico mun-

dial, que reclama de forma permanente o seu lote de privatizacións e de ganancias en detrimento das poboacións. Ao cabo de máis de dúas horas de discusións frutíferas, eses indignados de todos os horizontes reúnen na terraza do hotel Explanade a fin de escoitar un pouco de música de revolta dos militantes senegaleses de *Y'en a marre*.

O luns 16 e o martes 17 de xullo, o Consello Internacional do FSM, a asemblea decisoria do proceso dos foros, reuniuse toda a xornada na gran sala da municipalidade de Monastir a fin de preparar as próximas cuestións. As diferentes comisións do Consello, a comisión “comunicacións e mobilización”, a de “metodoloxía” e a de “recursos” reúnen antes de facer cada unha o informe pola tarde do conxunto das súas discusións. Tense así un pouco máis clara o martes ao fin da xornada a continuación dos acontecementos: o Foro Social Mundial 2013 terá lugar en Tunisia o próximo ano, probablemente os días do 23 ao 28 de marzo. Foi confirmado polo Primeiro Ministro tunisiano Hamadi Jebali nun encontro con representan-

O interese de organizar o FSM 2013 en Tunisia marca simbolicamente a importancia do proceso en curso das “primaveras árabes”

tes do Consello Internacional do FSM o 16 de xullo pola mañá.

Esta asemblea preparatoria foi, pois, particularmente rica e instrutiva. Hai que dar as grazas a todos os organizadores pola súa entrega e a súa profesionalismo ao longo de todas as xornadas nas que, sen problemas, a pesar das dificultades organizativas puntuais, todo foi moi ben. Unha lembranza para Amel, Mégane, Fadwa, Hocin, Adwa, Mathieu, Lin, Taufik, Karine e todas e todos os



Imaxe da asemblea de Monastir (xullo de 2012)

que permitiron que o encontro de Monastir poidese ter lugar. Moitas cousas están aínda por concretar para o ano que vén, cando pode haber máis de 20.000 persoas de todas as nacionalidades presentes no FSM, pero o esencial está aí, o espírito de apertura, de diálogo e de discusión cosmopolita.

O FSM, hai máis de dez anos agora, formouse sobre a idea da necesidade dunha resposta política a escala global da “sociedade civil” no sentido amplo fronte á globalización financeira e as evolucións mortíferas do capitalismo neoliberal. Pois se hai claramente un sistema económico mundial que impón as súas regras sobre practicamente o conxunto do planeta, non hai estado mundial susceptible de poder regular as súas equivocacións. Con todo, a crise ecolóxica necesita respostas urxentes e globais que os actores políticos foron até agora incapaces de expor. Como di con ironía Immanuel Wallerstein, filósofo americano e eminencia gris dos altermundistas, sobre o slogan de *Occupy Wall Street*, “o 99% é formidábel, pero non é suficiente para constituír unha maioría”.

En conclusión, o proceso dos Foros Sociais Mundiais non parece verdadeiramente ir tan mal. A súa falta de cobertura mediática actual non significa certamente o seu esgotamento senón máis ben unha evolución proteiforme sen dú-

bida un pouco difícil de analizar e cubrir pola prensa lambda. O FSM diversifícase, nas rexións e segundo os temas. O interese de organizar o FSM 2013 en Tunisia marca en calquera caso simbolicamente a importancia da revolución tunisiana e do proceso en curso das “primaveras árabes” para o movemento altermundista. Pois probablemente “outra Tunisia é posíbel” nun “outro mundo posíbel”.

Notas

[1] *Tunisie: la révolution pas à pas*. Pódese ler en: <http://eelv.fr/2011/05/04/tunisie-la-revolution-pas-a-pas/>

[2] <http://transnationale.eelv.fr/>

[3] <http://www.seuil.com/livre-9782021059465.htm>

[4] “O primeiro dos dereitos humanos é comer, ser curado, recibir unha educación e ter unha vivenda. Desde este ollar, hai que recoñecer que Tunisia está moi por diante de moitos países”, Jacques Chirac de visita oficial a Tunisia en decembro de 2003.

[5] “Propomos que o saber facer que é recoñecido no mundo enteiro das nosas forzas de seguridade permita arranxar situacións de seguridade deste tipo”. Michelle Alliot-Marie, daquela ministra de Asuntos Exteriores, en sesión na Asemblea Nacional francesa o 11 de xaneiro de 2011, referíndose ás manifestacións reprimidas de forma sanguenta polo réxime de Ben Ali.

[6] En visita oficial o 18 de novembro de 2008 en Cartago, Dominique Strauss-Kahn felicitara ao presidente Zine o-Abidine Ben Ali pola pertinencia das súas decisións económicas e políticas: “Ouízo que o FMI ten sobre a política tunisiana é moi positivo e non teño ningún temor polo próximo ano. Mesmo se a escala do planeta non vai ser doado, en Tunisia as cousas continuarán funcionando correctamente”.

[7] <http://www.boats4people.org/index.php/fr/>

[8] <http://unbateaupourgazafr.blogspot.fr/>



> ANTONIO TURIEL Físico, investigador do CSIC e divulgador do Cénit do petróleo

“IMOS TER QUE DECRECER POR FORZA. ESTA CRISE NON REMATARÁ NUNCA”

Malia que como científico orbita ao redor da oceanografía, no Instituto de Ciencias do Mar de Barcelona, Antonio Turiel converteuse nun dos referentes na divulgación social do *peak oil* ou cénit da extracción mundial de petróleo. Editor dun dos principais sitios de Internet acerca desta cuestión en idioma español

(<http://crashoil.blogspot.com>) é membro do *Oil Crash Observatory* e activo conferenciante. A Turiel sorpréndelle que a crise global se achegue só ás hipotecas *subprime*, sen atender á escaseza de recursos que estaría esganando a economía. “As decisións que se están a tomar non atacan a raíz do problema”, sinala.



Manuel Casal Lodeiro
Consello Editorial de Altermundo

Na Galiza levamos xa un tempo dando a voz de alarma sobre o Teito do petróleo. Se cadra o que falta é atar cabos e comprender as consecuencias profundas disto. Ti resúmelo nunha frase: "Esta crise non acabará nunca". Podes explicar por que non hai saída á crise?

A razón é simple: a produción de petróleo cru tocou teito polo ano 2006, como por fin a Axencia Internacional da Enerxía (AIE) –da OCDE e polo tanto pro *status quo*– recoñeceu en 2010. Como levamos xa máis de 6 anos desviándonos da *senda do crecemento*, a AIE tivo que ir adaptando as súas previsións ao feito de que a cousa non progresa.

Divulgadores e activistas do *peak oil* tedes falado con políticos do PP, do PSOE, etc. Que reaccións achades neles? Ata que punto coñecen o tema e están facendo de cara ao público como que non pasa nada?

O tema é perfectamente coñecido e comprendido por políticos relevantes de todos os partidos; o que pasa é que as implicacións de reaccionar son tan grandes que atopan grandes resistencias internas e externas e acaban entrando nunha disonancia cognitiva case esqui-



NOU MAÇANET

zofrénica, sabendo e aceptando o que hai pero sen actuaren de maneira consecutiva. Eu coido que ata que as consecuencias sexan xa indisimulables, non se fará nada efectivo. Non hai que esquecer que aos grandes capitais internacionais a posibilidade de termos chegado ao fin do crecemento os prexudica moito, e polo tanto rexéitano e boicotean a súa difusión, influíndo perniciosamente na sociedade e nos políticos para nos teren quietiños ata a seguinte andrómene/milagre tecnolóxico

que acouga as consciencias e promove a inacción. Para facer algo efectivo a sociedade ten de cambiar e debe ser un clamor.


Como ves ti no contexto do *peak oil* os famosos recortes que están acometendo moitos gobernos? Realmente viviamos por riba das nosas posibilidades?

Obxectivamente si que temos vivido por riba das nosas posibilidades porque o noso sistema baseouse en ex-

que é o que di...

Altermundo

World oil production by type in the New Policies Scenario.



A gráfica, sobre a predición da produción mundial dos diferentes tipos de petróleo nos vindeiros anos, pertence á presentación de Antonio Turiel no programa *Singulars*, da TV3, que se pode visualizar aquí: www.tv3.cat/videos/4325010/Antonio-Turiel-Condernats-a-decreixer. Na súa presentación –condenados a decrecer– Turiel afirma que as perspectivas de futuro son que a produción de petróleo dos campos existentes baixará un 40% de aquí ao 2020 e será case imposible compensar esta baixada, sobre todo porque se calcula que cara ao ano 2018 a China e a India absorberán toda a produción de petróleo se continúan co seu actual patrón de consumo. A dita presentación pódese ollar aquí: <http://prezi.com/grhw4aw5vsin/singulars-antonio-turiel/>

plotarmos os recursos doutros países sen pagarlles de maneira xusta; pero non o fixemos da maneira que nos di quen malla con ese discurso. En canto aos recortes, é increíble o eficaz labor de desinformación que fan moitos medios, comezando por denominaren rescate o que non deixa de ser un plan de liquidación de activos para pagarmos unha débeda impagable e con grande desfeita da economía. Cos recortes e co rescate o que se pretende é que un 20 ou 30% da débeda, que está en mans de grandes capitais internacionais, sexa devolta sen merma e cos xuros prometidos; e se para conseguilo hai que destrozarmos a economía malvendendo activos, pois faise coa colaboración dos nosos gobernantes. Grecia amósanos claramente o camiño. E non vai ser a derradeira quita. No caso concreto de España, tarde ou cedo fará default ao estilo grego, tras unha pantomima de rescate.

Coas medidas de austeridade, polo tanto, non se pretende reactivar a economía (o cal, ademais, por limitacións dos recursos é imposible) senón devolverlles o seu diñeiro a uns poucos, men-

tres que a masa de acredores perde case todo e os cidadáns reciben o castigo de menores servizos. Esa é a realidade, e quen diga outra cousa minte.

Ti vives en Cataluña, onde hai un crecente clamor pola independencia. Ter máis soberanía axudaría a afrontar este colapso?

Sería útil se for acompañada da independencia con respecto a este sistema económico insostible. A posible fractura de España abre a porta a que aquí se comece a facer as cousas de maneira diferente. Hai autores reputados que indican que unha vía que historicamente se ten usado para saír dunha trampa de débedas impagables é a creación de novos países que se desentenden da débeda histórica: nese sentido, a secesión catalana, para ser efectiva, debería negarse a asumir ningunha débeda previa. Non esquezamos que as débedas actuais teñen unha forte compoñente ilexítima e é importante non as recoñecer. Facer suspensión de pagamentos (default) é algo que se ten repetido na historia: España fíxoo seis veces durante o seu Século de Ouro.

Eu creo que a actual tendencia á descomposición de España –que en Cataluña tomou trazos de clamor popular e que poden seguir outras nacionalidades históricas e mesmo algunha autonomía insospeitada– é un sintoma máis do colapso do Estado-nación que é España, e reforzo do necesario localismo que ha rexer o noso futuro.

Coa ollada posta na Galiza, pensas que é viable seguir coa industrialización do país ou que deberíamos volver máis á agricultura? Canto tempo pensas que lles queda a industrias tan importantes como a automobilística ou a do aluminio?

A industrialización vai sufrir un tremendo sobresalto que, se non se pilota, a pode destruír por completo. Non creo que teñamos que volver por forza todos ao sector primario, pero é fundamental pilotarmos o proceso de transición, e en todo caso a man de obra no sector primario ha medrar e moito. A industria

Os medios de comunicación chaman rescate ao que non deixa de ser un plan de liquidación de activos para pagarmos unha débeda impagable e con grande desfeita da economía

automobilística está condenada: nunha ou dúas décadas o coche será un enxeño que só os ricos se poderán permitir. Pensa que en España dos 26 millóns de coches que hai temos 4 millóns que non se moven do sitio simplemente porque os seus donos non poden pagar o combustible ou non teñen traballo ao que ir nel. Ese proceso vai ir a máis. Os niveis de vendas de coches en España son os mesmos ca en 1978 e as fábr-



cas xa empezan a pechar. Será un desastre, porque o automóbil ocupa directa e indirectamente moita poboación —o 8,5% en España en 2008— e é a principal manufactura. En canto ao aluminio, podería ter viabilidade nun esquema de transición pilotada, no que a súa produción se preservase para usos importantes para a sociedade, e favorecendo a reciclaxe e a reutilización.

No tema do emprego estamos afeitos a oír que para que se xere emprego neto o PIB ten que crecer como mínimo un 2,5% anual, sen ter en conta que iso implicaría ter 12 veces o PIB de hoxe no prazo dun século, é dicir, ter que producir 12 veces os bens e servizos de hoxe! Así as cousas, estamos a comungar con rodas de muíño e aceptamos vivir baixo un sistema que só xera emprego sobre a base de o inflar todo a velocidade exponencial, nun xigantesco esquema de Ponzi que acaba como acaban todos os esquemas de Ponzi: chega un momento en que a situación é insostible e a estafa piramidal se esborrala.

Por iso é que temos que nos desembrazar deste xeito trampulleiro e imposible de crear emprego. Como o creamos, entón? Hai moi bos economistas (Herman Daily, Martínez-Alier) que están a propor outras maneiras de xestionar a economía que non implican crecemento e que mesmo son capaces de conseguir o pleno emprego, cousa im-

posible co esquema piramidal actual. As ideas non son tan complicadas: repartición do traballo, produción local, usar a mecanización como unha axuda ao home e non á produción, etc.

Insístese moito entre a xente concienciada (os *peakoilers*) acerca da necesidade dunha revolución para que a nosa especie poida sobrevivir. Que tipo de revolución é a que ti coidas que precisamos? Podería ser o Decrecemento (como proposta social) esa revolución?

O noso sistema é suicida, xenocida, e é algo mesmo peor: ecocida. Porque non só leva á súa propia morte e á de millóns de seres humanos, senón tamén á morte a escala masiva de centos de milleiros de especies de animais e á destrución de innumerables hábitats, na súa persecución imposible do crecemento a todo transe.

A revolución que se precisa é, sen dúbida, política, como político é o problema que tratamos. Algúns partidos to-

A industria automobilística está condenada: nunha ou dúas décadas o coche será un enxeño que só os ricos se poderán permitir

maron a posición firme de non se desviaren dun certo concepto de progreso (material) e de crecemento; por desgracia, o crecemento ilimitado nun planeta finito non é posible, e para maior desgraza os partidos que sosteñen monoliticamente esta visión son os maioritarios, cun grande apoio de medios de comunicación afíns.

Non me presta o termo decrecemento por dous motivos. Un, porque nalgunha interpretación estúpida e sesga-

PERFIL

Antonio María Turiel Martínez (León, 1970), é licenciado en Ciencias Físicas (1993) e en Ciencias Matemáticas (1994) pola Universidade Autónoma de Madrid (UAM), así como doutor en Física Teórica pola mesma universidade (1998). Hogano traballa como científico titular no Institut de Ciències del Mar de Barcelona, que depende do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

+INFO: [http://crashoil.blogspot.com/es/](http://crashoil.blogspot.com.es/)
Contacto: turiel@icm.csic.es

da —pero moi oportunista— os críticos con eses postulados din que decrecer por decrecer nos levaría ás cavernas. Quen di iso extrapola a idea do crecemento pero ao revés, cando o que se pretende é decrecer ata un límite tolerable. Para evitar esas críticas ruíns coído que o mellor sería falar de economía estacionaria.

O segundo motivo polo que non me gusta a nivel formal o termo decrecemento é porque parece que se presenta como unha elección, como un exercizo de voluntarismo, cando en realidade é algo que sucederá queiramos non queiramos: o único que podemos elixir é se pilotamos o proceso e chegamos a unha sociedade aínda con xustiza social, ou ben se deixamos todo á man invisible do mercado e nos autorregulamos de xeito salvaxe: mortandade masiva, guerras, epidemias, neofeudalismo e inclusive a posibilidade de nos extinguirmos. Por iso é chave facer entender que o decrecemento non é unha opción, está claro que o decrecemento é a única vía, formulada dunha ou outra maneira, e é a revolución que precisamos. Falta atoparmos instrumentos para unha acción política que sexa realista e viable para a implantarmos. •

Unha versión estendida desta entrevista poderase ler en breve no portal web de **Altermundo**.
www.altermundo.org



Nacido libre e igual



A ONU publica un relatorio que busca explicar a xestores públicos, activistas e defensores dos dereitos humanos as responsabilidades dos Estados con lesbianas, gays, bisexuais e transexuais (LGBT)



A guía, titulada “*Nacido Libre e Igual*” (en inglés *Born Free And Equal*), ten 60 páxinas e foi deseñada como unha ferramenta para todos os Estados, para axudarlles a comprender mellor a natureza das súas obrigas e as medidas necesarias para facerlles fronte, así como para os activistas da sociedade civil, defensores dos dereitos humanos e outras persoas que, dende diversos eidos, tratan de que os gobernos cumpran todos e cada un dos dereitos humanos.

“O obxectivo de estender ás persoas LGBT as condicións de todas as outras non é nin radical nin complicado. Basease en dous principios fundamentais que sustentan a Declaración Internacional dos Dereitos Humanos: igualdade e non discriminación”, afirma a Alta

Comisionada para os Dereitos Humanos, Navi Pillay, no limiar do informe.

O documento céntrase máis ca nada en cinco obrigas nas que a acción estatal é máis necesaria aínda: a protección contra a violencia homofóbica, a prevención da tortura, a discriminación da homosexualidade, a prohibición da discriminación en xeral e o respecto á liberdade de expresión e á liberdade de reunión de todas as persoas LGBT.

Segundo o Alto Comisionado para os Dereitos Humanos (ACNUDH), nos últimos anos, moitos Estados puxeron un grande empeño para reforzar a protección dos dereitos humanos en cada unha destas áreas. Adoptáronse novas leis, incluíndo as que prohiben a discriminación e penalizan os delitos

por homofobia, outorgando o recoñecemento ás parellas do mesmo sexo, ou outras para facilitar ás persoas transexuais a obtención de documentos oficiais que reflectan o seu xénero preferido. Tamén se desenvolveron programas de capacitación para a policía, funcionarios de prisións, mestres, traballadores sociais e outro persoal, e se puxeron en práctica iniciativas *anti-bullying* en moitas escolas. Porén, aínda queda moito por facer para enfrontar os prexuízos e a protección das persoas LGBT en todos os países. •

+INFO: “Nacido libre e igual” pódese baixar aquí: www.ohchr.org/Documents/Publications/BornFreeAndEqualLowRes.pdf

Web do ACNUDH: www.ohchr.org

Altermundo | Suplemento Horizontal, publícase cada dous meses coa revista **Tempos Novos** | www.altermundo.org | **Consello Editorial:** ALFREDO IGLESIAS, ANA MIRANDA, ANTON FENTE, ANTÓN GÓMEZ-REINO, CÁNDIDO GRYZBOWSKI, CARLOS TAIBO, CARMÉ CARBALLO, DAVID RODRÍGUEZ, IMANOL DORCA, LUPE CES, MANUEL CASAL, MARGA TOJO, MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO, RAÚL ASEGURADO, REBECA FERNÁNDEZ, ROBERTO MANSILLA, XABIER MACÍAS, XABIER RON, XAVIER SIMÓN, XOÁN HERMIDA, XOÁN R. DOLDÁN, XOSÉ MANUEL BEIRAS | **Coordinador:** MANOEL SANTOS | Teléfono: +34 686 021 933 | Se queres colaborar escribe a tempos@altermundo.org